



Apartado de correos nº 38
36630 CAMBADOS (Pontevedra)
E-mail: fgcmf@culturamaritima.org
Teléfonos: 986524845 e 633136161

SR. ALCALDE E MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Recibimos comunicación do acordo da Xunta de Goberno Local realizada o 21 de novembro de 2011 denegando a solicitude desta federación para que o Concello de Vilagarcía de Arousa como parte do Comité organizador, asuma o aboamento de 20.973,66€ correspondente ao déficit do X Encontro de Embarcacións Tradicionais celebrados en Carril.

E comunicando tamén “*a imposibilidade de incluír a devandita contía no orzamento de 2012, tendo en conta a considerable aportación municipal realizada con motivo do citado evento, tal e como se reflicte na relación de gastos asumidos polo Concello e que se enumeran*”

Analizado ese escrito na asemblea da FGCMF celebrada o 26 de novembro de 2011, queremos indicarlles que na enumeración que fan dos gastos asumidos polo Concello de Vilagarcía de Arousa co gallo do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia (en adiante X Encontro) e que vostedes califican de “**considerable aportación municipal**” detectamos importantes erros na información que manexan e que pode inducir a conclusións totalmente erradas.

Dentro da achega municipal ao X Encontro vostedes contemplan os seguintes apartados:

- “*Convenio coa Asociación Rompetimóns de Carril para a construción da réplica do galeón Cortegada por importe de 20.000 € (Xunta de Goberno Local de data 20/10/2009).*”

- O “*CONVENIO POR CONCESIÓN DUNHA SUBVENCIÓN DIRECTA A FAVOR DA ASOCIACIÓN ROMPETIMÓNS*” ten por obxecto a construción da réplica do galeón *Cortegada*. En ningunha liña do convenio se fai referencia ao X Encontro.
- A Xunta de Goberno Local que aproba este convenio realizouse o **20/10/2009, sete meses antes da adxudicación a Carril do X Encontro o 4 de xuño de 2010** e por tanto non pode haber relación ningunha.

- “*Convenio de colaboración coa Asociación Rompetimóns por importe de 70.000 € para reparacións do barco “Illa de Cortegada” (Xunta de Goberno [Local] 28/12/2010)*”

- Novamente trátase dun “*CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE EL CONCELLO DE VILAGARCÍA Y LA ASOCIACIÓN ROMPETIMÓNS PARA LA PUESTA EN MARCHA DE VISITAS A LA ISLA DE CORTEGADA ENMARCADO DENTRO DEL PROYECTO AROUSA XXI COFINANCIADO POR FEDER*” entre a Asociación

Rompetimóns e o Concello de Vilagarcía de Arousa para a adecuación do barco "Illa de Cortegada" propiedade da Asociación Rompetimóns, para o transporte de pasaxeiros de cara a posta en marcha de visitas á Illa de Cortegada, xiras marítimas no seu entorno e creación dunha escola de vela tradicional, utilizando a citada embarcación.

- En ningunha liña do texto do convenio se menciona o X Encontro.

- *"Adxudicación á Federación Galega Pola Cultura Marítima e Fluvial do servizo de difusión do Encontro de Embarcacións Tradicionais Carril 2011, na Feira náutica de Barcelona por importe de 3.000 € (Xunta de Goberno Local de data 26/10/2010)"*

Podemos entender que este gasto se vencelle ao X Encontro, aínda que non foi dedicado á execución do mesmo. Trátase dunha compensación económica á FGCMF polos gastos que tivo no mes de novembro de 2010 como consecuencia da promoción de Vilagarcía, do Parque Nacional das Illas Atlánticas e do X Encontro no Salón Náutico de Barcelona: xestións para conseguir a un prezo simbólico o espazo do stand; pagamento dos custos do seguro e gastos administrativos do stand; desprazamento, aloxamento e manutención de catro persoas da FGCMF para a atención durante 10 días o stand en horario de 10 da mañá a 9 da noite, etc.

- *"Contratación de varios grupos de gaitas e rondalla para a celebración do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, por importe de 1.173,00 € (Xunta de Goberno Local de data 31/05/2011)"*

Estes grupos de Vilagarcía de Arousa actuaron no X Encontro e a través do convenio que o Concello ten con eles aboóuseltes o citado importe de 1.173,00€, polo que este gasto si está vencellado ao X Encontro.

- *"Fra N-11024, de Noente Paradise, S.L. por importe de 6.678,80€ correspondente a 800 unidades do CD audio "Porto de Vilaxoán" da Atlántica Vapora Orquesta."*

A Edición desta obra non foi tratada nin acordada no Comité Organizador do X Encontro, polo que non se pode imputar economicamente ao mesmo. En ningún momento os representantes do Concello no Comité Organizador mencionaron a existencia dese CD, nin que fose a cargo do X Encontro.

Tivemos coñecemento dese CD no momento en que foi distribuído gratuitamente na actuación da Atlántica Vapora Orquesta en Vilaxoán.

A FGCMF considera importantísimo o labor desenvolvido pola Atlántica Vapora Orquesta no eido da recuperación dunha parte do patrimonio marítimo de Vilagarcía, como é o relacionado co cancionero popular mariñeiro, á vez que considera lóxico sumar as sinerxias que xera o X Encontro coas de outros acontecementos como poden ser a Semana Náutica de Vilaxoán, a presentación do CD audio, xornadas técnicas do proxecto europeo NEA2,... para acadar unha maior repercusión, pero a xestión económica de cada acontecemento é independente.

- *“Fra. nº 013/11, de Carlos Galbán Zaragoza, por importe de 738,17 €, pola instalación de equipo de son con motivo da actuación da Atlántica Vapora Orquesta Vilaxoán, dentro da Semana Náutica de Vilaxoán.”*

A FGCMF considera que non ten sentido cargar economicamente esta factura ao X Encontro cando xa no seu propio enunciado se indica que se realizou dentro da Semana Náutica de Vilaxoán, que ten o seu propio convenio co Concello de Vilagarcía e a súa propia xestión económica.

No CERTIFICADO que se nos remite da Xunta de Goberno Local indícase que *“o Concello colaborou no desenvolvemento do X Encontro poñendo ao seu dispor un operativo de limpeza, montaxe e desmontaxe de escenario, instalacións do Colexio de Educación Primaria, etc.”*

É certo que a montaxe e desmontaxe do escenario o realizaron operarios do Concello, como tamén é certo que o Concello participou coa FGCMF nas xestións para a cesión do uso das cociñas do colexio de Educación Primaria e que o Concello cedeu o pavillón de deportes para a o aseo e pernocta das tripulacións que o desexaran.

Porén, na única reunión que mantivo o Comité Organizador do X Encontro con representantes da nova Corporación Municipal, o 22 de xuño de 2011, dende o Comité organizador insistíuse na necesidade de que o Concello nomease con urxencia o seu novo representante nese Comité. O Concello non nomeou ese representante e os problemas que xurdiron tiveron que solventálos o resto dos organizadores, xa que foi imposible contactar con ningunha persoa con responsabilidades no Concello:

- O lixo enchía os contedores da carpa comedor sen que estiveran baldeiros para a seguinte comida, polo que os voluntarios tiveron que andar por Carril adiante procurando contedores baldeiros e repartindo os que xa estaban cheos
- A habilitación do pavillón de deportes co traslado, montaxe e desmontaxe das liteiras cedidas pola BRILAT de Figueirido, ante a falla de colaboración municipal, fixérona as tripulacións galegas e non galegas que participaron no Encontro. Tampouco estaba previsto polo Concello a limpeza dos aseos do pavillón de deportes durante a realización do X Encontro, problema que solucionou a FGCMF.
- O conserxe do Colexio de Educación Primaria onde se cociñaban as comidas para as tripulacións non recibira instrucións para que puideran acceder os cociñeiros do X Encontro. Cando se presentou un problema no cadro eléctrico das cociñas do colexio, non había quen o abriera para poñer en marcha o diferencial, o que obrigou a que as tripulacións tiveran que comer dúas horas máis tarde do previsto e a tirar a metade da comida consistente en fabas con ameixas de Carril por non poder ser cociñada, etc. etc. etc.

Á vista da análise da relacións de gastos que a Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía do día 21 de novembro de 2011 considerou como achega económica ao X Encontro, vemos que **unicamente está xustificado considerar vinculado ao X Encontro :**

- **A Compensación a FGCMF polo Salón Náutico de Barcelona por 3.000€**
- **Contratación de varios grupos de gaitas e rondalla por 1.173,00€**

A representación do Concello de Vilagarcía no Comité Organizador manifestou en diferentes ocasións que o Concello, como membro organizador do X Encontro, aportaría unha cantidade entornada aos 40.000 € para o evento, en tanto que, como se acaba de sinalar, só podemos contabilizar 4.173€ aportados polo Concello.

Queremos suliñar que **si o Concello cumprira coa súa achega comprometida de 40.000€, neste intre o X Encontro tería pechada a súa xestión económica con saldo positivo.** Ese saldo positivo é o beneficio que en todos os encontros aportase á FGCMF como compensación pola xestión de máis de un ano dedicada ao Encontro. Con ese beneficio a FGCMF é como finanza as súas actividades durante dous anos, entre Encontro e Encontro.

Que o X Encontro chegara a bo porto foi posible en boa medida porque as tripulacións participantes pagaron do seu peto os gastos do seu desprazamento e o das embarcacións, pagaron as súas comidas e centos de voluntarios e voluntarias, maiormente de Vilagarcía, colaboraron para atendelos preparando o Encontro durante meses. **Os 20.973€ que debe o Comité Organizador non son para pagar ao voluntariado nin as tripulacións, son para pagar a provedores do X Encontro.**

Por outra banda tamén queremos que se considere o grande esforzo realizado para promocionar a Vilagarcía como destino turístico cultural en base ao X Encontro:

- promoción directa coa presenza no Salón Náutico de Barcelona, Lisboa, Sesimbra, Setubal, Vila do Conde, País Vasco, Andalucía e diferentes puntos de Galicia
- Promoción a través das redes sociais, e moi especialmente nos sitios web e blogs dedicados á náutica.
- Promoción a través dos radioaficionados de ASORAPA, con 667 contactos de 44 provincias españolas e 40 países.
- Envío por parte da FGCMF de 3.000 postais no Nadal do 2010 a través do correo electrónico por toda Europa a outras tantas asociacións e particulares relacionados coas embarcacións tradicionais. A postal de Nadal era o cartaz de Carril 2011 adornado con motivos navideños e frases en diferentes idiomas convidando a asistir ao X Encontro
- Posibilidades que se abriron de realizar no futuro outros eventos no Concello de Vilagarcía relacionados coas embarcacións tradicionais.
- Imaxe de capacidade de traballo e implicación dos colectivos colaboradores ao seren capaces de sacar adiante e con moita dignidade e proxección un evento que sufriu uns brutais recortes nos seus orzamentos verbo dos encontros precedentes.

A falla de implicación do Concello co X Encontro pode provocar que os resultados destes esforzos realizados se vaian ao garete, e con eles tamén o esforzo xeneroso de tanta xente que leva anos traballando na recuperación e socialización dun patrimonio marítimo de todos os galegos. Polo de pronto, xa podemos sinalar varias consecuencias derivadas do déficit provocado polo non pagamento do Concello de Vilagarcía:

1ª) Neste mes de novembro cando a FGCMF por mor da débeda do X Encontro, e por primeira vez en moitos anos, non estivo presente no espazo da Marina Tradicional do Salón Náutico de Barcelona para presentar o DVD realizado durante o X Encontro, co que continuaría a promoción de Vilagarcía.

2ª) O pasado 26 de novembro na asemblea da FGCMF cando as asociacións que a conforman, e que son as que acoden coas súas embarcacións ás concentracións, manifestaron a súa intención de non acudir no futuro a calquera evento que se realice no concello de Vilagarcía se non hai unha solución por parte do Concello en relación coa súa achega ao X Encontro.

3ª) No mes de xaneiro ten que ser convocado o XI Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia, pero é moi probable que non suceda no caso de non ter liquidado economicamente o X Encontro, o que novamente haberá que explicar porqué non foi posible.

Á vista do exposto anteriormente, solicitámoslle á Xunta de Goberno Local do Concello de Vilagarcía de Arousa que asuma como mínimo a cantidade de 20.973,66€ como membro organizador do X Encontro de Embarcacións Tradicionais de Galicia en concepto de colaboración co evento indicado. Os 20.973,66€ que se solicita que aporte o Concello de Vilagarcía corresponde co importe das facturas que restan por pagar aos provedores do X Encontro.

De non ser posible incluír esta achega ao X Encontro nos orzamentos do 2011, solicitamos que se faga nos orzamentos do 2012.

E como remate, reiteramos que non ten fundamento ningún dicir que o Concello de Vilagarcía realizou unha considerable achega para o X Encontro, un Encontro que levou a Carril tanta xente de moitas vilas galegas e de moi diversos países, un Encontro que sen dúbida ningunha constituíu unha boa panca promocional da vila mariñeira de Carril e da illa de Cortegada e á vez do concello de Vilagarcía.

Cambados a 8 de decembro de 2011

A circular blue stamp of the Federación Galega de Cultura Marítima e Fluvial (FGCMF). The stamp features a central emblem with a compass, a scale, and an anchor. The text around the border reads "FEDERACIÓN GALEGA DE CULTURA MARÍTIMA E FLUVIAL". A handwritten signature in black ink is written over the stamp.

Asdo. Víctor Fernández González
Presidente da FGCMF